

# REGULAMENTO MUNICIPAL DE RESIDUOS

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 45 da Constitución Española dispón que “todos teñen o dereito a gozar dun ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, coa finalidade de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio natural apoiándose na indispensable solidariedade colectiva”.

A protección do ambiente constitúe, pois, unha necesidade social que as Administracións públicas, e, en especial os concellos como administración máis próxima ao cidadán, deben tutelar en todas as súas vertentes. De todos os campos que abrangue o medio natural (auga, aire, solo...) este regulamento céntrase en todo aquilo relativo á xestión de residuos. O Concello de Val do Dubra, como administración competente para a recollida, transporte, tratamento e eliminación de residuos urbanos, dicta este regulamento co obxectivo de incentivar a súa redución en orixe e dar prioridade á reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos sobre outras técnicas de xestión, así como fixar os criterios para o tratamento de residuos e as súas condicións de admisión nas instalacións de tratamento e/ou eliminación.

Con todo isto queren seguirse os criterios establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, na Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos de Galicia e na Orde do 15 de xuño de 2006, pola que se desenvolve o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.

Como última etapa no tratamento de residuos, sempre existirá unha parte destes de imposible tratamento que debe eliminarse mediante o seu depósito en vertedoiros. Para isto este regulamento, atende ao Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Este regulamento dítase ao abeiro da potestade que recoñece aos municipios o artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), como colofón á autonomía local consagrada no artigo 137 da Constitución. A intervención municipal na actividade da cidadanía a través de ordenanzas xustifícase no artigo 84 do antedito corpo legal.

Os municipios son competentes nesta materia segundo o disposto no artigo 25.2 l) e 26.b) da LRBRL, que lles atribúe competencias en materia de recollida e tratamento de residuos. Estas competencias materialízanse no artigo 4.3 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, que dispón que as entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos, correspondendo ademais aos municipios, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e, cando menos, a eliminación dos residuos urbanos na forma que establezan as respectivas ordenanzas. O artigo 20.3 desta mesma norma recolle que os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes estarán obrigados a implantar sistemas de recollida selectiva de residuos urbanos que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

# TÍTULO I: DA RECOLLIDA DE RESIDUOS

## CAPÍTULO I: CONDICIÓNS XERAIS

### **Artigo 1:**

Para os efectos do presente regulamento, entenderase por “residuos sólidos urbanos ou municipais” os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

wResiduos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes e áreas recreativas.

wAnimales domésticos mortos, así como mobles, enseres e vehículos abandonados.

wResiduos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación.

Para calquera aclaración sobre a terminoloxía deste regulamento aplicaranse as definicións que establece a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e o Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

### **Artigo 2:**

Corresponde ao Concello, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte, tratamento e eliminación dos residuos urbanos tal como se atopan definidos no artigo anterior.

Non serán obxecto de recollida os residuos que comprendan materias contaminadas ou contaminantes, corrosivas e perigosas para as que o risco de contaminación requira adoptar especiais garantías de hixiene e profilaxe para a súa recollida ou destrución. Os seus produtores estarán obrigados a dispor dos oportunos sistemas de xestión rexéndose pola normativa específica aplicable.

Non serán obxecto do presente regulamento os M.E.R. (materias especificados de risco) entendendo por tales os recollidos no Real decreto 1991/2000, modificado polo Real decreto 3454/2000.

### **Artigo 3:**

O servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos prestarase por este Concello ben directamente cos seus propios medios ou a través das formas de xestión indirecta previstas e autorizadas na vixente lexislación de réxime local.

### **Artigo 4:**

Prohíbese guindar ou depositar residuos, desperdicios, lixos, entullos e materiais de calquera tipo en xeral nas vías públicas ou privadas, nas súas beirarrúas e nos soares ou fincas valadas ou sen valar, así como no sistema de sumidoiros e moi especialmente nas canles ou marxes dos ríos, debendo empregarse sempre os colectores ou lugares especificamente designados polo Concello para estas fins.

**Artigo 5:**

Queda prohibido efectuar calquera manipulación para uso, rebusca ou recuperación de residuos, contidos en bolsas, depositadas debidamente nos lugares destinados para a súa recollida, e incluso fóra, ou nas proximidades dos ditos lugares.

**Artigo 6:**

Os tributos que puideran esixirse polos servizos de recollida, transporte, tratamento ou eliminación de residuos, así como as correspondentes exencións e bonificacións regularanse polo establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais.

**CAPÍTULO II: DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS, COMERCIAIS E INDUSTRIAIS ASIMILABLES**

**Artigo 7:**

Os residuos domiciliarios depositaranse nos diferentes colectores que o Concello de Val do Dubra pon a disposición da cidadanía para contribuír ao sistema de recollida selectiva baseado na separación en orixe dos residuos e a súa posterior xestión diferenciada.

O Concello procurará que entre os colectores e o domicilio dos usuarios exista a menor distancia posible, atendendo sempre ás circunstancias e características da zona.

**Artigo 8:**

Os residuos orgánicos deberán presentarse dentro de bolsas resistentes e ben pechadas, e depositarse nos colectores de cor verde que se dispoñan para estes efectos.

**Artigo 9:**

Os residuos de papel e cartón depositaranse no colector de cor azul. As caixas grandes deberán tronzarse ou pregarse e atarse ben antes do seu depósito para un mellor aproveitamento da capacidade do colector.

**Artigo 10:**

Os residuos de vidro, botellas, frascos e tarros, depositaranse, sen tapón nin obxectos estraños, no colector específico de cor verde. Non se depositarán vasos, cristais planos nin cerámica (que deberán ser depositados no Punto Limpo).

**Artigo 11:**

Deben depositarse no colector amarelo os seguintes residuos: bricks, botellas de plástico, envases de material flexible, bolsas e envolturas de plástico, bandexas e caixas de poliestireno expandido, latas de conserva e semiconserva, botes de bebidas, chapas e tapas de metal.

**Artigo 12:**

O Concello, en función das necesidades e demandas dos veciños/as poderá proceder á colocación de colectores específicos para outro tipo de residuos.

**Artigo 13:**

O destino dos produtos ou obxectos de orixe doméstica que non se admiten nos colectores anteriores, será o Punto Limpo conforme ao previsto no capítulo III do presente título. Non obstante, no futuro implantarase a retirada de residuos voluminosos polos Servizos Municipais, previa chamada telefónica, na que se lle indicará o día e a hora en que deberán depositalo na vía pública, en lugar que non estorbe ao tránsito en xeral e sexa facilmente retirable polos Servizos Municipais.

**Artigo 14:**

O Concello de Val do Dubra fixará o horario de depósito dos distintos tipos de residuos.

**Artigo 15:**

A recollida por medios pneumáticos axustarase ao recorrido na planificación urbanística vixente.

**Artigo 16:**

Os residuos procedentes de oficinas, comercios, servizos... que, pola súa composición poidan asimilarse aos previstos no capítulo anterior serán obxecto de depósito nas mesmas condicións que aqueles. O Concello poderá establecer horarios específicos de recollida e incrementar a intensidade desta conforme ás necesidades que puidera ter este sector.

**Artigo 17:**

Os establecementos onde se realicen actividades de produción industrial, das que os seus residuos non sexan susceptibles de recollida polo sistema de servizo domiciliario estarán obrigados, pola súa conta, a facer o transporte dos mencionados residuos ás Plantas de Tratamento ou en último caso aos vertedoiros autorizados, mediante un xestor autorizado.

**CAPÍTULO III: DOS PUNTOS LIMPOS****Artigo 18:**

Un punto limpo é un centro de recepción, almacenaxe, selección e valoración de residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria, nin domiciliaria e que se recibirán previamente seleccionados.

**Artigo 19:**

Son destinatarios dos puntos limpos todos os veciños/as que queiran depositar os seus residuos domiciliarios de forma selectiva, así como os comercios, oficinas e servizos que desexen depositar os seus residuos admisibles conforme ao establecido nos artigos seguintes.

**Artigo 20:**

O Concello poderá crear puntos limpos de carácter semiindustrial cuxos destinatarios serán as pequenas e medianas empresas. As condicións de uso e demais circunstancias fixaranse oportunamente.

**Artigo 21:**

Son obxectivos dun punto limpo, entre outros, os seguintes:

- w1. Evitar o vertido incontrolado de residuos.
- w2. Xestionar correctamente os residuos perigosos xerados no fogar.
- w3. Reducir o volume de residuos a tratar ou eliminar nos vertedoiros.
- w4. Realizar unha correcta segregación dos materiais valorizables.
- w5. Recuperar os materiais contidos nos residuos para a súa reciclaxe directa.
- w6. Fomentar os programas de sensibilización e formación ambiental.

**Artigo 22:**

O Punto Limpo cubrirá un servizo de recollida conforme a un horario prefixado que se porá en coñecemento de todos os usuarios/as polos medios oportunos.

**Artigo 23:**

1. Son admisibles nun Punto Limpo os seguintes residuos e nas seguintes cantidades máximas:

PAPEL CARTÓN	ILIMITADO
PLÁSTICO	ILIMITADO
VIDRO	ILIMITADO
ENTULLOS	300 KG
METAL	ILIMITADO
PILAS NON BOTÓN	2,5 KG
PILAS BOTÓN	0,5 KG
MEDICAMENTOS CADUCADOS	1 KG
RADIOGRAFÍAS	ILIMITADO
BATERÍAS	ILIMITADO
TUBOS FLUORESCENTES	3 UNIDADES
PANTALLAS TV	2 UNIDADES
MOBLES, ENSERES E MADEIRA	100 KG
COLCHÓN	2 UNIDADES
ENVASES RTP'S	5 UNIDADES
SPRAYS	3 UNIDADES
ACEITE MINERAL	30 LITROS
ACEITE VEXETAL	30 LITROS
FILTROS DE ACEITE	2 UNIDADES
ELECTRODOMÉSTICOS	2 UNIDADES
TÓNER	2 UNIDADES

2. Non se aceptarán nun Punto Limpo os seguintes residuos:

- wMateriais sen clasificar
- wResiduos industriais en grandes cantidades
- wRestos anatómicos ou infecciosos
- wRestos de comida
- wProdutos procedentes de decomisados
- wResiduos radioactivos
- wResiduos xerados por actividades mineiras ou extractivas
- wResiduos agrícolas ou gandeiros

Todos estes criterios son susceptibles de modificación por parte do Concello de Val do Dubra.

**Artigo 24:**

Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello.

**Artigo 25:**

O Concello poderá autorizar discrecionalmente a retirada de material do Punto Limpo, sometendo a autorización ás condicións que estime oportunas. O Concello non garante a seguridade nin a salubridade do produto retirado así como a súa idoneidade para o uso desexado, eximíndose polo tanto de calquera responsabilidade que puidera xerarse.

#### **CAPÍTULO IV: DOS RESIDUOS DE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, DEMOLICIÓN E EXTRACCIÓN**

**Artigo 26:**

É competencia municipal a xestión de residuos e entullo procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

**Artigo 27:**

Son obxecto de regulación do presente capítulo, dentro da competencia municipal, as seguintes actividades:

- A) Traslado e reciclaxe dos produtos procedentes de demolicións e baleirados de terreos.
- B) Vertido en terreos ou lugares apropiados de terras e entullo.

**Artigo 28:**

Xunto á documentación preceptiva para toda concesión de licenza municipal para obras de construción, reforma, baleirado ou derrubamento acompañarase documento que recolla o punto de vertido de todos os produtos procedentes daquelas obras, así como a composición e volume estimado destes.

**Artigo 29:**

O destino do entullo, libre de obxectos extraños, será calquera planta de machaqueo, homoxeneización e tratamento de entullo, aínda que non se atope no municipio, ata que se instale unha planta dese carácter en Val do Dubra. As terras limpas deberán depositarse nos lugares sinalados para o efecto polos titulares destas e autorizados polo Concello.

As actividades de recheo e acondicionamento de terreos con terras e entullo requirirán da preceptiva autorización municipal.

Enténdese por recheo a alteración morfolóxica dunha zona mediante o vertido e achanzamento de terras e entullo nun volume inferior a 500 metros cúbicos.

A autorización de actividades de acondicionamento requirirá a presentación dun proxecto técnico que comprenda os seguintes aspectos:

wMemoria e planos

wDatos xeolóxicos, hidroxolóxicos e xeotécnicos

wPlan de control e explotación

wPrazos e proxecto de selado e clausura

wRestauración ambiental

A autorización de actividades de recheo requirirá ademais a correspondente autorización urbanística, así como a definición de infraestruturas de acceso e a súa incidencia ambiental.

### **Artigo 30:**

O titular da licenza de obras está obrigado a presentar ante o Concello certificado do propietario da planta de tratamento ou terreo onde tratara ou depositara os entullos ou terras que acredite que efectivamente se cumpriron as condicións previstas na licenza en canto ao lugar de destino, composición e volume de terras e entullos.

O non cumprimento desta obriga levará canda si a retención da fianza prestada ao solicitar a preceptiva licenza de obra.

### **Artigo 31:**

Toda persoa física ou xurídica deberá realizar o transporte de terras e entullos con vehículos apropiados nas condicións de hixiene e seguridade previstas e coas autorizacións preceptuadas na lexislación vixente.

Conforme ao establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, modificada pola Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera, o posuídor dos ditos residuos estará obrigado a separalos por tipos de materiais conforme ás normas que se fixen na planta.

## **CAPÍTULO V: DOS VEHÍCULOS ABANDONADOS**

### **Artigo 32:**

A Administración poderá proceder, se o obrigado a isto non o fixese, á retirada de vehículos da vía pública e o seu conseguinte depósito no lugar que designe a autoridade competente, cando se presuma racionalmente o seu abandono.

Presumirase o seu abandono nos seguintes casos:

a) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fose depositado tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

b) Cando permaneza estacionado por un período superior un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou ben estas sexan elixibles.

c) Cando se atope en situación de baixa administrativa.

Nos casos a) e b) terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

No suposto que figura no apartado a), e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular

requirirase a este, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que, no prazo de quince días retire o vehículo do depósito coa advertencia de que, en caso contrario, procederase ao seu tratamento como residuo sólido urbano.

**Artigo 33:**

Conforme ao apartado a) do artigo anterior, os Servizos Municipais retirarán da vía pública e trasladarán ao depósito municipal os vehículos que presenten todos ou algúns dos seguintes indicios de abandono:

- a) Ter todas ou a maioría dos cristais rotos.
- b) Presentar desperfectos na súa carrocería con aristas ou deterioros que supoñan un risco ao resto dos usuarios das vías públicas.
- c) Cando se vertan substancias contaminantes do vehículo.

**Artigo 34:**

Son desperfectos que fan imposible o desprazamento dun vehículo polos seus propios medios:

- a) Carecer dos elementos mecánicos, eléctricos ou electrónicos necesarios para o seu desprazamento ou posuílos deteriorados.
- b) Carecer de rodas ou ter os neumáticos deteriorados ou en aire.
- C) Carecer doutros requisitos establecidos como necesarios ou obrigatorios polo Regulamento xeral de vehículos de demais lexislación aplicable.

**Artigo 35:**

Previamente á retirada do vehículo da vía pública, os Servizos Municipais advertirán ao propietario da presunción de abandono mediante a colocación dun aviso no parabrisas ou lugar visible, anunciándolle a retirada no prazo sinalado.

**Artigo 36:**

Considerarase responsable do vehículo abandonado á persoa física ou xurídica inscrita como titular do vehículo no Rexistro Xeral de Vehículos.

**Artigo 37:**

Os Servizos Municipais poderán retirar os vehículos abandonados que se atopen en vías ou recintos privados ou privados de uso público. Para isto o titular ou responsable dos mencionados recintos deberá solicitalo por escrito identificando os vehículos abandonados que deben retirarse e achegando xustificante de aboamento da taxa que se determine xa que a solicitude non se tramitará en tanto non se efectuase o pagamento correspondente.

## TÍTULO II: DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR

**Artigo 38:**

As accións e omisións que constitúan unha infracción ao disposto no presente regulamento, poderán dar lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador que se iniciará sempre de oficio, por acordo do órgano

competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia.

O exercicio da potestade sancionador axustarase ao procedemento establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **Artigo 39:**

Cando o órgano competente para iniciar un procedemento sancionador tivera coñecemento de que os feitos ademais de poder constituír unha infracción administrativa, puideran ser constitutivos dun ilícito penal, comunicarao ao órgano xudicial competente, abstenéndose de iniciar ou proseguir o procedemento sancionador, unha vez incoado, mentres a autoridade xudicial non se pronunciase.

Durante o tempo que estivera en suspenso o procedemento sancionador, entenderase suspendido tanto o prazo de prescrición da infracción como a caducidade do propio procedemento.

#### **Artigo 40:**

A potestade sancionadora exercerase en virtude do disposto no artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, disposición adicional única da Lei 11/1999, do 21 de abril, e artigos 32 e seguintes da Lei 10/1998, do 21 de abril de residuos.

#### **Artigo 41:**

Clasificación das infraccións:

As infraccións ao disposto no presente regulamento clasifícanse en leves, graves ou moi graves:

*1. Son infraccións leves:*

A) O incumprimento do disposto en canto ao depósito selectivo de residuos

B) O incumprimento do preceptuado nos artigos 4 e 5 do presente regulamento

C) Calquera outro incumprimento do presente regulamento non susceptible de ser tipificado como grave ou moi grave.

*2. Son infraccións graves:*

A) O abandono, vertido ou eliminación incontrolada de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se producise un dano ou deterioro grave para o medio ambiente ou se puxese en perigo grave a saúde das persoas

B) Entenderanse expresamente incluídos no suposto anterior o abandono de vehículos conforme ao previsto no artigo 32 do presente regulamento así como o abandono, vertido ou eliminación incontrolada de terras e escombros de construción e demolición.

*3. Infracción moi graves:*

A) As infraccións moi graves en materia de residuos son as tipificadas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, exercéndose a potestade sancionadora nos termos previstos na dita lei

#### **Artigo 42:**

*Sancións:*

As infraccións ás que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

A) No caso de infraccións leves: multa de ata 601,01 euros

B) No caso de infraccións graves: multa dende 601,02 ata 30.050,06 euros

As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados que puidera esixirse.

**Artigo 43:**

A imposición de multas, segundo a cualificación da infracción, graduarase atendendo aos intereses e riscos para a saúde, á natureza da infracción, á intencionalidade, desprezo ás normas de convivencia humana e reincidencia na conduta.

**Artigo 44:**

*Prescripción de infraccións e sancións.*

As infraccións previstas neste regulamento prescriben aos dous anos as graves e aos seis meses as leves. Así mesmo as sancións impostas por faltas graves prescriben aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

**Artigo 45:**

*Responsabilidade administrativa:*

Será responsable administrativo aquela persoa que cometese a acción ou omisión constitutiva de infracción administrativa.

A responsabilidade será solidaria nos seguintes supostos:

A) Cando o posuídor ou o xestor dos residuos os entregue a persoa física ou xurídica non autorizada.

B) Cando sexan varios os responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un na realización da infracción.

**Artigo 46:**

Para os efectos do establecido no presente regulamento, os residuos terán sempre un titular responsable, cualidade que corresponderá ao produtor, posuídor ou xestor destes.

Só quedarán exentos de responsabilidade administrativa quen ceda os residuos a xestores autorizados para realizar as operacións que compoñen a xestión de residuos e sempre que a entrega destes se realice cumprindo os requisitos establecidos na Lei de residuos e a súa normativa complementaria así como na lexislación autonómica.

Igualmente, os posuídores de residuos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poidan derivarse de tales residuos, sempre que os entregase ao Concello observando este regulamento e demais normativa aplicable

**DISPOSICIÓN FINAL:**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, tal e como sinala o artigo 70.2 do mesmo corpo legal.

